

XOVES - 30. Abril - 1981

Escritores galegos a Congreso

Por primeira vez na historia da literatura de Galicia, os escritores galegos van refrexionar colectivamente sobre cuestións que hoxe máis que nunca presupoñen para eles unha esixencia ética e moral, consecuencia da irrenunciabel interrelación entre a sociedade na que sobreviven e a criatividade cultural que aquela necesita para manter a esperanza. A xuntanza de Poio pode e debe ter transcendencia. Para isto, compre que o Congreso sirva para afortalar a unión entre todos os escritores que escolleron a lingua galega como medio e como oxetivo. **Tucho Calvo** pulsou a opinión dalgúns dos escritores galegos e redactou esta crónica periodística para o suplemento.

*1º Congreso de escritores
en lingua galega*



CULTURA

CON sóio o precedente dunha xuntanza celebrada antes da guerra civil, os escritores que empregan o noso idioma celebrarán os días 2, 3 e 4 de maio o seu I Congreso de escritores en lingua galega, na pontevedresa vila de Poio. A convocatoria do mesmo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega ten motivado reaccións mui distintas entre quen cubren esta actividade cultural no noso país. Máis con todo, o balance previo que se pode facer das distintas opinións recollidas aquí é que o Congreso era necesario e que pode ser mui importante.

Para **Alfonso Pexequiro**, home que afeitou con logo todos os problemas da organización, téntase de «durante tres días crear unhas xornadas de traballo sobre a situación da literatura e do escritor en Galicia», así como de «intentar un achegamento ás áreas luso-brasileiras» que teñen mostrado un gran interés pola reunión. Outras culturas veciñas, como a francesa, tamén mostraron interés no tema, especialmente neste caso ao traveso da Unión de escritores franceses.

Pro diante deste intento de «autoafirmación dos nosos valores culturais e de Galicia como país», asegura Pexequiro que se nota «unha grande pasividade por parte de algúns escritores» e «a pouco máis dunha semán do congreso» —decía atoparse agobiado e nunha soedade absoluta. Despois de asegurar que «hai na atmósfera unha especie de boicot subterráneo como se houbera unha xente co desexo de que non se celebre, incómodos porque seña a AELG quen o organice», Pexequiro atribuí a pasividade da que antes falou ao caciquismo cultural». Despois de reiterar o carácter totalmente aberto do congreso, defíneno como de renovamento na procura de actitudes novas tanto de creación como persoais.

Xoves - 30-Abril - 1981

De «mui necesario e realmente importante» calificou **Manuel María** ao congreso, señalando que «xa debía estar feito» e destacando a presenza que se anuncia de representantes doutras culturas, especialmente a lusa polo que supón de «achegamento ao mundo portugués que está tan perto de nós».

Para este poeta nacionalista, hai un grupo de escritores que loita desinteresadamente no seu tarreo superando unha chea de problemas persoais e económicos, e outro «grupo elitista que está no seu mundo, unha sorte de olimpo».

A participación no congreso ou non —dixo— «depende de que se queira servir sinceramente á cultura galega, ou que o que se pretendese fose unha promoción persoal».

Martínez Oca destacaría a importancia do congreso decindo que «é interesante desde o punto de vista de que se reuna a xente e se coñezan os que traballan nun mesmo labor, o de escribir e facelo en Galicia». E engadeu: «a vista dalgunhas das ponencias que se presentan, supoño ademais que se sacarán conclusións interesantes».

Marino Dónega, que non descartou a posibilidade de acudir algún dos días ao congreso, dixo estar pouco informado do contido e fins de congreso.

Pola súa banda, **Ricardo Carballo Calero**, nomeado hai pouco aínda socio de honor na AELG, está previsto que tome parte na sesión de apertura. «Desgraciadamente —dixo— teño unha axenda excesivamente cargada pra todo o mes de maio e non poderei estar presente todos os días». Ao seu xeito de ver, «os problemas que se plantexan son mui interesantes se se de... se debaten

LA VOZ DE GALICIA/JUEVES/30/ABRIL/1981

coa debida participación dos representantes dos distintos puntos de vista, o congreso pode deixar luz sobre os distintos temas que ten plantexada a cultura galega».

Quen non participa destas opinións é **Alonso Montero**, que aínda cando pensa que «un congreso de escritores é sempre unha boa cousa e especialmente pra cultura galega», di ter a idea de que «este congreso, ao estar convocado e organizado por unha asociación de escritores que non naceu con carácter global, quizais non resulte o adecuado que sería de desexar». Alonso Montero, que non asistirá ao congreso, non quixo explicar con maior detalle a súa postura, e reiterou que «o congreso creo que está condicionado seriamente polos seus convocantes».

«A min parécese interesante todo o que supoña algo neste tarreo», declarounos **Francisco Fernández del Riego**, que lembrou o precedente da xuntanza organizada antes da guerra cando él era segredario da asociación de escritores galegos que presidía Alvaro de las Casas. «Parécese moi positivo —dixo— que se agrupen os escritores que utilizan o mesmo idioma pra defender a clase».

Pilar Vázquez Cuesta estará entre quen presenten ponencias no congreso. Pra ela, éste «non sóio é moi interesante, senon tamén necesarísimo. Os escritores galegos necesitan reunirse pra plantexar todos os problemas que teñen de falta de protección da literatura galega e ver as razóns polas que non ten a difusión que realmente lle correspondería pola súa importancia». Logo de precisar que ela non se sente escritora, que «son pra min os creadores» —segundo dixo—, indicou que o congreso «praos escritores é vital, xa que están comprometidos coa lingua dun xeito que nen siquer se pode decir que é voluntario; e se a lingua galega non medra, ficarán, como escritores, frustrados». E concluiu: «eu estou de todos xeitos esperanzada».

«A min parécese interesante todo o que supoña algo neste terreo», declara. Abondaba que se reunisen ao redor dunha mesa de café, ou de paso por Santiago...». E **Rafael Dieste** quen o di. E apunta algunhas reivindicacións de tipo económico, os problemas da unidade lingüística e as actitudes solidarias que se poidan establecer fronte a posibles represións, como algúns dos temas que poderán tratarse. «Hai relativamente pouca socialibilidade literaria en Galicia, e esta é unha boa ocasión. Ademáis, o reunirse e falar en torno á literatura galega é como unha caixa de resonancia que pode contribuír a estimular ao lector», dixo.

Xavier Alcalá é dos que non poderán estar no congreso por razóns de traballo, un dos problemas en torno á profesionalización que el mesmo plantexa apuntando ventaxas e desventaxas. Pra este escritor, «o congreso ten uns puntos moi interesantes, pro o máis importante é que se erga dunha vez unha voz decindo que non hai nada que facer se non temos en conta que a produción de palabras en grandes cantidades faise pola radio e a televisión». Afirmar Alcalá que «non se debe saír do congreso sen unha definición definitiva sobre a postura dos escritores sobre os medios de comunicación».

No fin de semán, o I Congreso de Escritores en Língua Galega. Quizáis o seu primeiro problema é que algunhas posturas poden non estar presentes pra discutir as súas razóns. Do resto, xa se verá.

Tucho Calvo.